



ANUNCIO IMPORTANTE

APERTURA DE PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN TEMPORAIS DE USO DE POSTOS DE ATRACADA PARA EMBARCACIONES RECREATIVAS NO PORTO DE TESTAL

1.- CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓN

As solicitudes para autorización de atracada no Porto de TESTAL formalizaranse de acordo co procedemento IF501A. Dadas as características específicas da instalación establécense certas condicións particulares que regularán a adxudicación das prazas.

Os atraques postos a disposición no porto de Testal reflíctense na sitio web de Portos de Galicia no enlace: <https://portosdegalicia.gal> a través das pestanas:

- Comunicaciones e avisos
- Convocatorias de utilización de espazos públicos
- Autorizacións temporais de uso de postos de atracada para embarcacións recreativas no porto de Testal

2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Establécense un prazo específico para presentación de solicitudes de atracada para embarcacións recreativas, que se iniciará a partir do día **10 de marzo de 2022** e quedará aberto.

As listas de espera que puideran existir con anterioridade a este emprazamento quedarán sen efecto, debendo os interesados presentar unha nova solicitude segundo o disposto neste procedemento.

Ábrese un prazo preferente durante os primeiros 30 días naturais do prazo xeral, nos que se establece a prioridade na adxudicación de atraques a aquelas solicitudes que figuraran na lista de espera, ou ben que se declare que a embarcación atópase atracada na instalación con anterioridade a data de inicio do prazo de presentación de solicitudes, información que se contrastará cos datos en poder de Portos de Galicia.

As embarcacións atracadas na actualidade que non contan con título vixente, deberán formalizar solicitude para regularizar a ocupación, xa que do contrario deberán desaloxar a instalación con carácter inmediato, sendo de aplicación en caso contrario o disposto na regra novena da tarifa X-5 recollida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas de Galicia.

3.- TIPOS DE EMBARCACIONES ADMITIDAS E LIMITACIÓN DE CALADO

Esta instalación está dispoñible unicamente para embarcacións recreativas, que cumpran con requisito de calado reducido, xa que a instalación localízase nunha zona con calados de entre a cota 0 e a cota -0,50 m sobre a BMVE, polo que en certas condicións de marea as embarcacións poderían quedar varadas sobre o fondo mariño.

Dadas as condicións ambientais do porto, restrínxese a utilización da instalación a embarcacións dedicadas a náutica recreativa sen ánimo de lucro (lista 7ª), polo que non se autorizará nestes atraques actividades onerosas, así como as motos acuáticas.

4.- UBICACIÓN DOS POSTOS DE ATRACADA E DIMENSIÓN DAS EMBARCACIONES PERMITIDAS

Porto de Testal.	Pantalán nº 6	
Prazas Categoría A:	Eslora máxima: 6,00 metros	Manga máxima 2,50 metros
Prazas Categoría B:	Eslora máxima: 8,00 metros	Manga máxima 2,80 metros

5.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA A PRESENTAR

Ademais dos documentos indicados no procedemento IF501A, os solicitantes que se atean á presentación dentro do prazo preferente indicado no punto 2. deste prego, deberán presentar o documento esixido en cada un dos seguintes casos:

a)- Os solicitantes que estean utilizando a instalación na actualidade, deben acreditar a situación coa presentación do documento "Declaración de ocupación de posto de atracada" debidamente cumprimentado, que se encontra dispoñible no enlace da páxina web de Portos de Galicia indicado no punto 1.

b)- Os solicitantes que estiveran en lista de espera deben acreditar a situación coa presentación da solicitude co correspondente rexistro de entrada.

A non presentación dos documentos indicados, a presentación do documento parcialmente cuberto, con incorreccións ou falsidades non será tido en conta no proceso de adxudicación preferente.